

NIGRÁN LATE CON FORZA POR MAURI

Por Redacción - 20/10/2025



O Auditorio de Nigrán viviu este sábado unha tarde inesquecible coa celebración do vídeoconto solidario “LOST”, unha proposta da escritora Soledad García que uniu literatura, cinema e solidariedade para apoiar a campaña @unacuraparamauri.

Máis de 150 persoas sumáronse a este encontro cheo de emoción e esperanza, contribuíndo a dar visibilidade á enfermidade de Alexander, que padece o pequeno guerreiro de Nigrán, Mauri, co fin de recadar fondos para a súa investigación.

Durante o acto, o público puido gozar da proxección e narración de LOST, a historia dun pequeno ourizo que se perde no bosque e aprende, a través dos seus encontros, o valor da amizade e da superación. Un relato que emocionou a nenas/os e maiores, converténdose nun símbolo de unión e empatía.

Esta actividade enmarcouse dentro das xornadas “Coopera no Val”, organizadas pola cooperativa Somos Terra, que reuniron diferentes proxectos sociais e entidades solidarias do Val Miñor co obxectivo de promover a colaboración, o voluntariado e o espírito comunitario.

A escritora Soledad García e a familia de Mauri amosaron o seu máis sincero agradecemento a todas as persoas que participaron, ao Concello de Nigrán, a Somos Terra, as entidades que difundiron o evento e a todas as mans anónimas que fixeron posible unha tarde tan chea de esperanza.

Todas as persoas asistentes levaron tamén para a casa unha “postal solidaria” coa curtametraxe de LOST. Se non puidesches asistir e queres sumar o teu gran de area, podes colaborar coa causa solicitando unha postal nas librarías de referencia do Val de Miñor.

“Porque cada pequeno xesto conta, e cando os corazóns latexan xuntos, o mundo cambia. Grazas, Nigrán, por facer que cada latido sume por Mauri.”, expresou Soledad García.

